

O artigo 33º do Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello Regulador, aprobado pola Orde do 29 de outubro de 2001, da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 33º

1. O Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia é unha corporación de dereito público, á que se atribúe a xestión da indicación xeográfica protexida, coas funcións que determinan a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; o establecido neste regulamento e demais normativa que lle sexa de aplicación. Ten personalidade xurídica de seu, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. O ámbito de competencias do Consello Regulador está limitado ás patacas protexidas pola indicación xeográfica, en calquera das súas fases de produción, colleita, almacenaxe, selección, envasado, circulación e comercialización e ás persoas inscritas nos diferentes rexistros

3. A tutela administrativa sobre o Consello Regulador exerceraa a consellería competente en materia de agricultura».

Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador.

O actual regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia foi aprobado pola Orde do 19 de febreiro de 2003 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, posteriormente modificada pola orde da mesma consellería do 18 de febreiro de 2004.

Con posterioridade a esas datas producíronse cambios normativos importantes no réxime xurídico das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas e no réxime de funcionamento dos seus consellos reguladores no ámbito da nosa comunidade autónoma. Ese cambio tivo lugar coa entrada en vigor da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción

e defensa da calidade alimentaria galega, e posteriormente coa do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. Esta lei e o seu decreto de desenvolvemento citado establecen o novo marco legal a que deberán axustarse as denominacións de orixe e as indicacións xeográficas e os seus consellos reguladores, sendo a novidade de máis alcance a configuración destes órganos como corporacións de dereito público con personalidade xurídica propia.

Por iso, faise necesario aprobar un novo regulamento para a indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e para o seu Consello Regulador, adaptado a este novo marco legal, o cal é obxecto desta orde.

Segundo o anterior, tras a proposta do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e de acordo co establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación do Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador.

Apróbase o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador, que figura como anexo desta orde.

Disposición transitoria

Única.-*Control e certificación polo Ingacal.*

Non obstante o establecido no regulamento que figura como anexo desta orde, mentres o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria non asinen o correspondente acordo, o control e a certificación do mel amparado pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia seguirán a ser realizados polo mesmo Consello Regulador.

Disposición derogatoria

Única.-*Derrogación da Orde do 19 de febreiro de 2003.*

Queda derogada a Orde do 19 de febreiro de 2003, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, pola que se aprobou o regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.

Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de agosto 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador

CAPÍTULO I
DISPOSICIÓN XERAISArtigo 1º.-*Base legal da protección.*

De acordo co disposto no Regulamento (CE) 510/2006, do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, quedan amparados coa indicación xeográfica protexida Mel de Galicia os meles que, reunindo as características definidas neste regulamento, cumpren na súa produción, procesamento, envasamento, almacenaxe e comercialización todos os requisitos exixidos por el e pola lexislación vixente.

Artigo 2º.-*Extensión da protección.*

1. De acordo co establecido na normativa citada no artigo anterior, a indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e a súa tradución ao castelán, Miel de Galicia, non se poderá aplicar a ningún outro tipo de mel máis que ao definido por este regulamento, nin se poderán utilizar termos, expresións, marcas ou signos que, pola súa similitude fonética ou gráfica con esta, poidan inducir a confusión cos que son obxecto de protección, aínda no caso de que vaian precedidos polas expresións «tipo», «estilo», «elaborado en», «manipulado en», «fabricado en» ou outras análogas.

2. A protección outorgada esténdese ao uso dos nomes das rexións, comarcas, concellos, parroquias e localidades do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en relación co mel.

Artigo 3º.-*Órganos competentes.*

A defensa da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, a aplicación do seu regulamento, a vixilancia do seu cumprimento, así coma o fomento e control da calidade do produto amparado, encoméndanse ao Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), á Xunta de Galicia, ao Goberno de España e á Comisión Europea, no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 4º.-*Manual de calidade.*

A consellería competente en materia de agricultura aprobará, tras a proposta do Pleno do Consello Regulador, o programa de control, as instrucións técnicas e os formatos relativos ao proceso de control e certificación da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, que serán integrados no Manual de calidade, procedementos operativos e instrucións técnicas, en diante Manual de calidade.

CAPÍTULO II
DA PRODUCCIÓNArtigo 5º.-*Zona de produción, procesamento e envasamento.*

A zona de produción, procesamento e envasamento dos meles amparados pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia abrangue todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-*Método de produción e extracción.*

1. Só poderá ser amparado coa indicación xeográfica protexida Mel de Galicia o mel producido nas explotacións inscritas que posúan colmeas de cadros móbiles.

2. As prácticas de manexo na alvariza serán establecidas no Manual de calidade e tenderán a conseguir a mellor calidade dos meles amparados pola indicación xeográfica. En todo caso, as colmeas non serán sometidas a ningún tratamento químico durante o tempo de recollida do mel polas abellas e, durante o mesmo espazo de tempo, estas non recibirán alimento de ningún tipo.

3. A cata das colmeas realizarase de panais totalmente operculados, cunha humidade inferior a 18,5% e exentos de cría.

4. O desabellado dos panais poderá facerse polos métodos tradicionais, preferentemente con escape de abellas ou aire, sen utilización abusiva do afumador, e nunca se empregarán produtos químicos repelentes para as abellas.

5. As ceras dos panais das alzas serán renovadas, como mínimo, cada cinco anos se non se usa o excluidor, e as dos panais da cámara de cría cada tres anos.

6. A extracción do mel poderá facerse por centrifugación ou decantación, pero nunca por prensado. Tanto os aparellos empregados na manipulación do mel como as instalacións deberán ser de materiais axeitados e reunir os requisitos establecidos pola normativa sanitaria e os recollidos no Manual de calidade.

7. As tarefas de extracción do mel susceptible de ser protexido realizaranse sempre co maior esmero e hixiene e nun local pechado, limpo e habilitado para o efecto. Procederase ao secado cunha semana de antelación, ata acadar unha humidade relativa inferior ao 60%, con deshumidificadores ou aireación. Poderá utilizarse material de deshumidificación para as alzas de mel, se isto é preciso. Queda prohibida a extracción ao aire libre.

8. As técnicas de desoperculado dos panais en ningún caso poderán modificar os factores de calidade destes meles. Os coitelos de desopercular estarán ben limpos, secos e sen superar os 40 °C.

9. O mel, unha vez extraído e pasado por un filtro dobre, que reunirá as características que se definan no Manual de calidade, someterase a un proceso de decantación que durará un mínimo de tres días. No dito documento poderanse establecer, en función das condicións ambientais e as características dos recipientes, tempos

de decantación superiores. Antes da almacenaxe e envasamento procederase á desescumación.

CAPÍTULO III
DA ALMACENAXE E ENVASAMENTO

Artigo 7º.-*Recollida e transporte.*

1. A recollida e transporte do mel realizarase en condicións hixiénicas, utilizando recipientes de material de uso alimentario segundo a lexislación vixente, autorizados polo Consello Regulador e recollidos no Manual de calidade, que garantan a calidade do produto. Estes recipientes deben permanecer sempre hermeticamente pechados, tanto no almacén coma no transporte.

2. Todos os recipientes que conteñan mel a granel susceptible de ser amparado pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia deberán levar na parte exterior unha etiqueta visible en que conste: o nome completo do produtor, o número de rexistro, o termo municipal de onde provén a produción, a data de extracción, o número do bidón, o contido aproximado, o tipo de mel segundo a consideración do apicultor e un espazo en branco para anotacións do Consello Regulador ou do órgano de control e certificación. As etiquetas identificativas serán emitidas baixo a supervisión do órgano de control e certificación.

Artigo 8º.-*Envasamento e comercialización.*

1. O envasamento do mel amparado pola indicación xeográfica deberá efectuarse en instalacións adecuadas, sitas dentro da zona de produción delimitada no artigo 5 deste regulamento e inscritas nos correspondentes rexistros do Consello Regulador.

2. O mel amparado pola indicación xeográfica protexida unicamente poderá circular e ser expedido polas industrias inscritas en envases autorizados polo Consello Regulador e recollidos no Manual de calidade e que non prexudiquen a súa calidade e prestixio.

3. Para proceder á decantación e envasamento dun mel cristalizado, permitirase a licuación con calor sen superar os 40 °C de temperatura. Este proceso realizarase por métodos e con maquinaria autorizados polo Consello Regulador e recollidos no Manual de calidade, quedando excluído o proceso de pasteurización.

Artigo 9º.-*Presentación do produto.*

1. O mel envasado presentarase en estado líquido, cristalizado ou cremoso. Non se permitirán presentacións que mostren defectos graves tales como separación de fases ou fermentación.

2. O mel amparado tamén poderá presentarse en seccións de panal totalmente operculado e sen cría.

Artigo 10º.-*Envases.*

1. O contido dos envases dos meles protexidos destinados ao consumo directo queda establecido, con carácter xeral, en 500 g e 1.000 g. O Consello Regulador poderá autorizar o envasamento con outros contidos logo de solicitude do interesado, adecuándose sempre á lexislación vixente nesta materia.

2. O peche dos envases debe ser hermético, de xeito que non permita a perda de aromas naturais nin a adición de olores, humidade ambiental, etc. que puidesen alterar o produto durante o seu almacenamento.

3. O material do envase será de vidro transparente e incoloro. O Consello Regulador poderá autorizar outros materiais, mediante a súa inclusión no Manual de calidade, sempre que reúnan as condicións para envasamento de produtos alimenticios. En mel presentado en seccións, o envase permitirá a visualización do produto e a etiqueta e a contraetiqueta estarán aplicadas de xeito que non oculten o contido do envase.

CAPÍTULO IV
DAS CARACTERÍSTICAS DOS MELES

Artigo 11º.-*Tipos de meles.*

Atendendo á produción tradicional de Galicia, o mel amparado por esta indicación xeográfica protexida, proveniente da flora de Galicia, clasificarase segundo os seguintes tipos:

a) Segundo a súa orixe botánica será:

- Mel multifloral.
- Mel monofloral de eucalipto (*Eucalyptus sp.*).
- Mel monofloral de castiñeiro (*Castanea sp.*).
- Mel monofloral de silveira (*Rubus sp.*).
- Mel monofloral de breixo (*Erica sp.*).

b) Segundo a presentación e o procedemento de obtención:

- Mel en panais ou en seccións.
- Mel líquido.
- Mel cristalizado.
- Mel cremoso.

Artigo 12º.-*Características.*

1. O mel amparado pola indicación xeográfica protexida deberá reunir, ademais das características sinaladas na norma de calidade relativa ao mel, as seguintes:

a) Características fisicoquímicas:

- Humidade: como máximo o 18,5%.
- Actividade diastásica: como mínimo 9 na escala de Schade. Os meles con baixo contido enzimático, como mínimo o 4 na dita escala, sempre que o contido en hidroximetilfurfural non exceda os 10 mg/kg.
- Hidroximetilfurfural: como máximo 28 mg/kg.

b) Características meliso-palinolóxicas:

Con carácter xeral, o espectro polínico considerado na súa totalidade deberá corresponder ao propio dos meles de Galicia.

En calquera caso a combinación polínica *Helianthus annuus-Olea europaea-Cistus ladanifer* non superará o 5% do espectro polínico total.

Ademais, segundo a orixe floral dos distintos tipos de mel recollidos no artigo anterior, os espectros polínicos deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Mel multifloral: o pole maioritariamente pertencerá a: *Castanea sativa*, *Eucalyptus sp.*, *Ericaceae*, *Rubus sp.*, *Rosaceae*, *Cytisus sp-Ulex sp.*, *Trifolium sp.*, *Lotus sp.*, *Campanula*, *Centaurea*, *Quercus sp.*, *Echium sp.*, *Taraxacum sp.* e *Brassica sp.*

-Meles monoflorais:

* Mel de eucalipto: a porcentaxe mínima de pole de eucalipto (*Eucalyptus sp.*) será do 70%.

* Mel de castiñeiro: a porcentaxe mínima de pole de castiñeiro (*Castanea sp.*) será do 70%.

* Mel de siveira: a porcentaxe mínima de pole de siveira (*Rubus sp.*) será do 45%.

* Mel de breixo: a porcentaxe mínima de pole de breixo (*Erica sp.*) será do 45%.

c) Características organolépticas:

Os meles deberán presentar, con carácter xeral, as características organolépticas propias da orixe floral correspondente, en canto a cor, aroma e sabor. Segundo a dita orixe as características organolépticas máis destacables serán as seguintes:

-Meles multiflorais: a súa cor poderá variar entre a ámbar e a ámbar-escura. Presentan aroma floral ou vexetal de intensidade e persistencia variable. Poden ser lixeiramente ácidos e astrinxentes.

-Monoflorais de eucalipto: cor ámbar, olor floral cun toque a cera. A intensidade do olor é media e a persistencia baixa. Sabor doce e lixeiramente ácido.

-Monoflorais de castiñeiro: cor ámbar escura ás veces con tons vermellos. Aroma preferentemente vexetal de intensidade media-baixa e persistencia baixa. É lixeiramente ácido e amargo, ás veces algo picante. Adoita presentar lixeira astrinxencia.

-Monoflorais de siveira: cor ámbar a ámbar escura. Son meles aromáticos con aroma floral persistente. Sabor afroitado, marcadamente doce de intensidade e persistencia media-alta.

-Monoflorais de breixo: a súa cor é ámbar escura ou escura con tons vermellos, sabor lixeiramente amargo e persistente, aromas vexetais persistentes. A intensidade do olor adoita ser media-baixa e a persistencia baixa.

2. Os meles que non reúnan as características sinaladas non poderán ser amparados pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.

3. Os límites máximos microbiolóxicos e as tolerancias de produtos contaminantes e substancias tóxicas axustaranse ao exixido na lexislación vixente.

CAPÍTULO V

CONTROL E CERTIFICACIÓN DO PRODUTO

Artigo 13º.-Autocontrol.

Os controis de calidade e rastrexabilidade sobre o produto serán responsabilidade, en primeira instancia, dos distintos operadores inscritos nos rexistros do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia. Estes operadores deberán contar no seu proceso de produción con sistemas de traballo que permitan asegurar, en calquera etapa desta, tanto a rastrexabilidade do produto como o cumprimento das especificacións deste regulamento e do Manual de calidade.

Artigo 14º.-Control e certificación.

1. O órgano de control e certificación para os produtos da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia será o Instituto Galego da Calidade Alimentaria, Ingacal, de acordo co disposto no artigo 15.1º c) da Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, así como no artigo 66 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

2. Todas as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de bens inscritos nos rexistros, as explotacións, as instalacións e os produtos, estarán sometidas ao control realizado polo Ingacal, co obxecto de verificar que os produtos que leven a indicación xeográfica protexida Mel de Galicia cumpren os requisitos deste regulamento e os que se recollan no Manual de calidade.

3. Os controis basearanse en inspeccións das explotacións e das instalacións, revisión da documentación, análise da materia prima e do produto envasado.

4. O proceso de control e certificación implicará a toma de mostras aleatoria de partidas ou lotes homoxéneos, que se someterán a análises das súas características meliso-palinolóxicas, físico químicas e organolépticas; estas últimas serán avaliadas polo panel de cata, que se constituirá de acordo co que se establece no Manual de calidade. O órgano de control e certificación, á vista dos resultados das distintas análises e dos demais datos sobre o produto, determinará o que proceda sobre a certificación.

5. Cando se comprobe que a materia prima ou os produtos rematados non se obtiveron de acordo cos requisitos deste regulamento ou presenten defectos ou alteracións sensibles, estes non poderán comercializarse ao abeiro da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador recollido no capítulo XI deste regulamento.

6. Os meles amparados por esta indicación xeográfica con destino ao consumo levarán un precinto de garantía, etiqueta ou contraetiqueta numerada, que será controlada polo Ingacal de acordo co que se establece no Manual de calidade. Este distintivo será colocado nas instalacións de envasamento, antes da

súa comercialización, e de forma que non sexa posible unha segunda utilización.

Artigo 15º.-Control da comercialización.

O órgano de control e certificación verificará en cada campaña as cantidades de mel certificado pola indicación xeográfica que foron expedidas ao mercado por cada firma inscrita no Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenamento e/ou Envasado, para comprobar que é correcta a súa relación coas cantidades de mel producidas ou adquiridas aos apicultores censados no Rexistro de Explotacións e a outras firmas inscritas.

Artigo 16º.-Declaracións para o control.

1. Co obxecto de poder controlar os procesos de produción, extracción, almacenaxe, envasamento e expedición, así como os volumes de existencias e canto sexa necesario para poder acreditar a orixe e calidade do mel amparado pola indicación xeográfica protexida, as persoas físicas ou xurídicas produtoras de mel ou titulares das instalacións de envasamento, estarán obrigadas a cumprir as seguintes formalidades:

a) Todos os produtores de mel amparado pola indicación xeográfica protexida declarararán, de acordo co que se estableza no Manual de calidade, o número de colmeas por asentamento e a cantidade de mel producido, indicando o seu destino e, no caso de venda, o nome do comprador. As agrupacións de apicultores poderán tramitar nun só documento a dita declaración, achegando unha relación co nome, cantidades e demais datos correspondentes a cada socio. A presentación desta declaración realizarase antes do 30 de novembro de cada ano.

b) Todas as industrias de envasamento inscritas, mentres teñan existencias, deberán declarar no momento de solicitar etiquetas, de acordo co que se estableza no Manual de calidade, as existencias de mel na envasadora apto para ser amparado, así como a súa procedencia.

2. As declaracións a que se refire o punto 1 deste artigo non poderán facilitarse nin publicarse máis que de forma xeral, sen ningunha referencia de carácter individual.

Artigo 17º.-Circulación do produto.

Toda expedición de meles con dereito a protección que se faga entre firmas inscritas, aínda pertencentes á mesma razón social, deberá ir acompañada por un volante de circulación expedido polo órgano de control e certificación, na forma que se determine no Manual de calidade, ademais da documentación requirida pola lexislación vixente.

Artigo 18º.-Envasamento de produto non certificable.

1. Nas instalacións de envasamento inscritas no correspondente rexistro do Consello Regulador só se permitirá o envasamento de mel non amparado cando, procedente de explotacións inscritas nos rexis-

tros do Consello Regulador, non cumpra os requisitos establecidos neste regulamento e no Manual de calidade e, polo tanto, non poida ser amparado pola indicación xeográfica protexida.

2. En todo caso, o envasamento deste mel non protexido deberá contar coa autorización do órgano de control e certificación, e farase segundo o establecido no Manual de calidade, de maneira que se evite en todo momento a súa mestura ou confusión co produto con dereito ao amparo da indicación xeográfica protexida.

O órgano de control e certificación vixiará o cumprimento deste suposto.

CAPÍTULO VI
REXISTROS

Artigo 19º.-Rexistros do Consello Regulador.

O Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia levará os seguintes rexistros:

- a) Rexistro de Explotacións.
- b) Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenamento e/ou Envasado.

Artigo 20º.-Rexistro de Explotacións.

1. No Rexistro de Explotacións inscribíranse as situadas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia que reúnan as condicións establecidas neste regulamento e no Manual de calidade e queiran destinar a súa produción á obtención de mel amparado pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.

2. Na inscrición figurará: o nome do propietario e, de ser o caso, o do colono, parceiro, arrendatario ou calquera outro titular de dereito real ou persoal que o faculte para xestionar a explotación; o tipo e número de colmeas, e todos aqueles datos que se consideren necesarios para a clasificación, localización e axeitada identificación da explotación inscrita.

3. Calquera explotación procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que queira asentarse nas súas colmeas nela e amparar a súa colleita por esta indicación xeográfica protexida, deberá inscribirse neste rexistro, e non poderá destinar a súa produción de mel para ser protexido ata que transcorra un ano desde a súa inscrición.

4. O cambio de titularidade das explotacións xa inscritas levarase a cabo segundo o establecido no Manual de calidade.

5. Aquelas explotacións que se instalen fóra da zona de produción protexida perderán a inscrición no rexistro. Nestes casos para obter a nova inscrición os titulares procederán segundo o establecido neste capítulo.

Artigo 21º.-Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenado e/ou Envasado.

1. No Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenado e/ou Envasado inscribíranse todas aquelas que, estando situadas no territorio da Comunidade

Autónoma de Galicia, se dediquen a algunha das actividades de procesamento de mel que poida ser amparado pola indicación xeográfica protexida.

2. Na inscrición figurará: o nome do titular e/ou arrendatario, de ser o caso, a razón social, a localidade, a acreditación de calquera outro requisito establecido na lexislación vixente e cantos datos sexan precisos para a súa identificación.

3. Nas industrias inscritas no Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenado e/ou Envasado só poderá entrar mel procedente de explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.

4. Os locais inscritos nos rexistros deberán reunir os requisitos de carácter técnico e sanitario que establece a lexislación vixente.

Artigo 22º.-Procedemento de inscrición nos rexistros.

1. As peticións de inscrición nos rexistros correspondentes dirixiranse ao Consello Regulador, nos impresos por el establecidos e recollidos no Manual de calidade, xunto cos datos, documentos e comprobantes que en cada caso sexan requiridos, segundo as disposicións e normas vixentes.

2. As solicitudes de inscrición transmitiranse ao órgano de control e certificación, co obxecto de comprobar o cumprimento de todos os requisitos establecidos neste regulamento e demais normas concordantes.

3. O órgano de control e certificación denegará, de forma motivada, as inscricións que non se axusten aos preceptos deste regulamento e ao establecido no Manual de calidade. A denegación será comunicada ao interesado polo Consello Regulador.

4. De ser o caso, o Consello Regulador entregará ao titular un certificado acreditativo da inscrición, indicando a actividade ou actividades para as cales queda inscrito.

5. As empresas que realicen o proceso produtivo completo deberán ter inscritas as súas explotacións e instalacións de procesamento nos rexistros respectivos.

6. A inscrición nestes rexistros non exime os interesados da obriga de inscribirse naqueloutros que, con carácter xeral, estean establecidos legalmente, o que deberán acreditar no momento de solicitar a súa alta nos rexistros da indicación xeográfica protexida.

Artigo 23º.-Vixencia e renovación das inscricións.

1. Para a vixencia das inscricións nos correspondentes rexistros será indispensable cumprir en todo momento cos requisitos que impón este regulamento e deberase comunicar ao Consello Regulador calquera variación que afecte os datos subministrados na inscrición. En consecuencia, o Consello Regulador poderá suspender provisional ou definitivamente as inscricións cando os seus titulares non se atean a tales prescricións, despois da instrución e resolución do correspondente expediente.

2. O órgano de control e certificación efectuará inspeccións periódicas para comprobar a efectividade de canto se dispón neste artigo.

3. As inscricións renovaranse no prazo e forma que se determinen no Manual de calidade.

Artigo 24º.-Baixa nos rexistros.

1. Calquera persoa inscrita nun rexistro do Consello Regulador pode solicitar a súa baixa. Unha vez producida esta, deberá transcorrer un período dun ano para proceder a unha nova inscrición, agás cambio de titularidade.

2. O titular que sexa dado de baixa nun rexistro deberá cumprir as obrigas pendentes co Consello Regulador.

CAPÍTULO VII
DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 25º.-Dereito ao uso da denominación.

1. Só as persoas físicas ou xurídicas inscritas nos rexistros do Consello Regulador terán dereito a utilizar a denominación Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia.

2. Só poderá aplicarse a denominación Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia ao mel procedente das instalacións inscritas nos rexistros do Consello Regulador que fose producido conforme as normas exixidas por este regulamento e as establecidas no Manual de calidade e que reúnan as condicións que deben caracterizalas, que están recollidas no artigo 12.

3. O dereito ao uso da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e dos seus símbolos, anagramas e logotipo na propaganda, publicidade, documentación, precintos e etiquetas é exclusivo das firmas inscritas nos diferentes rexistros do Consello Regulador e baixo a aprobación deste.

4. Non obstante o establecido no punto 3 anterior, o Consello Regulador poderá autorizar que nos envases de produtos elaborados en que o mel sexa un compoñente principal se indique que están elaborados con Mel de Galicia, cando a dita materia prima estea controlada polo órgano de control e certificación e se cumpren as condicións deste regulamento e as que para o efecto se establezan no Manual de calidade.

Artigo 26º.-Obrigas xerais das persoas inscritas.

1. Polo simple feito da inscrición nos rexistros correspondentes, as persoas físicas ou xurídicas inscritas quedan obrigadas ao cumprimento das disposicións deste regulamento, do Manual de calidade e dos acordos que, dentro das súas competencias, adopten a consellería competente en materia de agricultura, o órgano de control e certificación e o Consello Regulador.

2. Para o exercicio de calquera dereito outorgado por este regulamento ou para beneficiarse dos servizos que preste o Consello Regulador, as persoas inscritas deberán estar ao día no pagamento das súas obrigas e ter actualizadas as inscricións.

3. As persoas físicas e quen represente as persoas xurídicas inscritas nos rexistros de Consello Regulador están obrigadas a colaborar na realización dos procesos electorais para a renovación dos seus órganos de goberno, participando como membros das mesas ou outros órganos electorais nas ocasións en que fosen nomeados.

4. Sen prexuízo do establecido no artigo 37 deste regulamento, o incumprimento do indicado nos puntos 1 ao 3 anteriores poderá comportar a suspensión por un período de ata dous anos nos dereitos do inscrito ou a baixa definitiva no rexistro, tras a decisión do Pleno do Consello Regulador, logo da instrución do correspondente expediente. Contra a resolución de suspensión ou baixa poderase recorrer ante a consellería competente en materia de agricultura.

Artigo 27º.-Uso de marcas, nomes comerciais e razóns sociais.

1. A utilización de marcas, nomes comerciais e razóns sociais polos inscritos no Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenado e/ou Envasado axustarase ao disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, así como no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

2. Ademais, de conformidade co disposto no número 6 do artigo 9 da Lei 2/2005 e no número 3 do artigo 12 do citado decreto, as marcas comerciais que se utilicen no produto amparado pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia non poderán ser utilizadas noutros meles que non estean acollidos á súa protección.

Artigo 28º.-Etiquetaxe.

1. As etiquetas do produto amparado pola indicación xeográfica protexida Mel de Galicia deberán ser autorizadas polo Consello Regulador, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro. Axustaranse, con carácter xeral, ao disposto na lexislación vixente en materia de etiquetaxe, así como ao establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e no citado decreto.

En todo caso, respectaranse as competencias que correspondan a outras institucións en materia de supervisión do cumprimento das normas xerais de etiquetaxe.

2. Nas etiquetas utilizadas nos meles amparados deberá figurar obrigatoriamente e de forma destacada a mención Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, en galego e/ou en castelán, e optativamente o seu logotipo, ademais dos datos que con carácter xeral se determinan na lexislación vixente. Tamén poderá figurar o tipo de mel segundo as clasificacións recollidas no artigo 11.

Artigo 29º.-Logotipo da denominación.

1. O Consello Regulador adoptará como logotipo da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia o que figura no anexo deste regulamento.

2. O Consello Regulador poderá facer obrigatorio que no exterior dos locais de almacenaxe e envasamento inscritos, nun lugar destacado, figure unha placa onde se reproduza o logotipo da indicación xeográfica.

3. Os establecementos de venda polo miúdo que vendan mel amparado pola indicación xeográfica protexida poderán utilizar o distintivo propio dela, colocado de forma visible e de maneira que permita unha correcta identificación do mel amparado, facéndoo de xeito que non dea lugar á confusión do consumidor.

CAPÍTULO VIII DO CONSELLO REGULADOR

Artigo 30º.-Natureza e ámbito competencial.

1. O Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia é unha corporación de dereito público a que se atribúe a xestión da indicación xeográfica, coas funcións que determina a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, e demais normativa que lle sexa de aplicación. Ten personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. O ámbito de competencia do Consello Regulador está limitado ao mel protexido pola indicación xeográfica, en calquera das súas fases de produción, acondicionamento, almacenaxe, envasamento, circulación e comercialización, e ás persoas inscritas nos diferentes rexistros.

3. A tutela administrativa sobre o Consello Regulador exerceraa a consellería competente en materia de agricultura.

4. A actividade do Consello Regulador está sometida ao control da Administración, de acordo co establecido nos artigos 18 a 21 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e nos artigos 30 ao 33 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Consonte co anterior, as decisións que adopten os órganos de goberno do Consello Regulador cando exerzan potestades administrativas poderán ser impugnadas ante a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para estes efectos, enténdese que están suxeitas a dereito administrativo as actuacións que se recollen no número 5 do artigo 32 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 31º.-Órganos de goberno do Consello Regulador.

Os órganos de goberno do Consello Regulador son: o Pleno, a Presidencia, a Vicepresidencia así como a Comisión Permanente, se o Pleno decide creala.

Ademais o Pleno poderá crear outras comisións para resolver asuntos concretos.

Artigo 32º.-*O Pleno: Composición e funcións.*

1. O Pleno do Consello Regulador estará constituído por:

a) Tres vogais, en representación das explotacións, elixidos democraticamente por e entre as persoas titulares das explotacións inscritas no rexistro correspondente do Consello Regulador, excepto aqueles que se inclúan no sector cooperativo.

b) Tres vogais, en representación das instalacións de extracción, almacenamento e/ou envasamento, elixidos democraticamente por e entre as persoas titulares de instalacións inscritas no Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenamento e/ou Envasado do Consello Regulador, excepto aquelas que se inclúan no sector cooperativo. Destes vogais, dous serano en representación das instalacións cunha produción maior a 50.000 kg anuais, e un en representación das instalacións cunha produción menor ou igual a 50.000 kg anuais.

c) Tres vogais, en representación do sector cooperativo, elixidos democraticamente por e entre as persoas titulares das explotacións inscritas no rexistro correspondente do Consello Regulador, que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa titular, directa ou indirectamente, dalgunha instalación inscrita a través da cal envasen e comercialicen maioritariamente o mel producido, así como polas persoas titulares das ditas instalacións de base cooperativa.

2. O Pleno actuará baixo a dirección da persoa que exerza a Presidencia, que tamén formará parte del, e contará coa asistencia, con voz pero sen voto, da/o secretaria/o do Consello Regulador.

3. A consellería competente en materia de agricultura poderá designar ata dúas persoas que actuarán como delegadas da Administración e que asistirán ás reunións do Pleno con voz pero sen voto.

4. O réxime de convocatorias e de acordos e, en xeral, o réxime de funcionamento e as funcións do Pleno, así como os dereitos e deberes dos seus membros, serán os contidos no capítulo IV do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 33º.-*A Presidencia.*

1. A Presidencia do Consello Regulador será exercida pola persoa que elixa o Pleno, co voto favorable da maioría dos seus membros, sendo necesaria, na primeira votación o apoio de máis da metade destes.

2. O presidente ou presidenta non ter por que ter a condición previa de vogal. No caso de que así fose, deixará a súa vogalía, que será ocupada polo seu substituto ou substituta legal, de acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

3. As funcións da Presidencia, así como as causas de cesamento de quen sexa o seu titular e demais cuestións relativas a este órgano, serán as recollidas no citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 34º.-*A Vicepresidencia.*

1. A Vicepresidencia do Consello Regulador será exercida pola persoa que elixan os vogais de entre eles.

2. A persoa que exerza a vicepresidencia substituirá ao presidente ou presidenta nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

3. No exercicio das súas funcións, en defecto do presidente, o vicepresidente terá as mesmas competencias e obrigas ca el.

4. A Vicepresidencia exercerá, ademais, aquelas funcións que lle sexan delegadas pola Presidencia.

Artigo 35º.-*A Comisión Permanente.*

1. Para resolver cuestións de trámite ou asuntos concretos poderá constituírse unha Comisión Permanente, que estará formada pola persoa que ocupe a Presidencia do Consello Regulador e tres vogais, un por cada sector, designados polos seus representantes respectivos no Pleno.

2. Todas as decisións que tome a Comisión Permanente ou outras comisións que se creasen serán comunicadas ao Pleno do Consello Regulador na primeira reunión que este realice.

Artigo 36º.-*O persoal do Consello Regulador.*

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia contará co persoal necesario, contratado en réxime de dereito laboral, de acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

2. O Consello Regulador contará cunha/cun secretaria/o, designada/o polo Pleno, que terá como funcións específicas as sinaladas no punto 2 do artigo 28 do citado Decreto 4/2007.

CAPÍTULO IX
RÉXIME ECONÓMICO E CONTABLE

Artigo 37º.-*Recursos económicos.*

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador poderá contar cos recursos económicos establecidos no artigo 17 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, así como no artigo 29 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

2. Conforme a citada normativa, establécense neste regulamento as seguintes cotas que deberán aboar as persoas inscritas:

a) Rexistro de Explotacións.

-Cota de inscrición. Satisfarase no momento da inscrición no Consello Regulador. O importe establecera-se por acordo do Pleno do Consello Regulador, co límite establecido no artigo 29 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

-Cota de actividade do inscrito proporcional ao valor da súa produción. Esta cota será o 1 % sobre o valor dos meles producidos nas explotacións inscritas. Por

acordo do Pleno do Consello Regulador establecerase o valor dos meles e a produción estimada por colmea segundo a colleita.

b) Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenamento e/ou Envasado.

-Cota de inscrición. Satisfarase no momento da inscrición no correspondente rexistro do Consello Regulador. O importe establecerase por acordo do Pleno do Consello Regulador co límite establecido no artigo 29 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

-Cota de actividade do inscrito proporcional ao valor da súa produción. Esta cota será o 1,5 % sobre o valor dos meles cualificados calculado en función do prezo medio de venda en orixe e de acordo coa proposta do Pleno do Consello Regulador.

-Cota pola expedición de contraetiquetas. O seu importe será o dobre do prezo de custo sobre as pre-cintas ou contraetiquetas.

3. O Pleno do Consello Regulador fixará o prazo para o pagamento de cada tipo de cota. En caso de non se satisfacer o pagamento no prazo voluntario, o Consello Regulador poderá exixir o pagamento da cota no prazo adicional que se estableza. En caso de que no dito prazo adicional non se realizase o pagamento, o inscrito poderá ser suspendido dos seus dereitos na denominación ata que liquide a débeda co Consello Regulador. Se no prazo dun ano o inscrito non liquidase a débeda, poderá ser dado de baixa definitivamente, sen prexuízo da obrigatoriedade do seu pagamento, de acordo co establecido nos artigos 24 e 26.

Artigo 38º.-*Réxime contable.*

O réxime contable do Consello Regulador é o que se determina no artigo 19 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e mais no artigo 31 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

CAPÍTULO X RÉXIME ELECTORAL

Artigo 39º.-*Réxime electoral do Consello Regulador.*

O réxime electoral do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia é o contido nas seccións primeira e segunda do capítulo VI do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

CAPÍTULO XI DAS INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO

Artigo 40º.-*Base legal.*

1. O réxime sancionador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia é o establecido no título VI da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

2. Complementa a disposición legal mencionada o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, que regula as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, polo que se refi-

re á toma de mostras e análises; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, e cantas disposicións estean vixentes no seu momento sobre a materia.

Anexo ao Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador

Logotipo da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia



ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 25 de agosto de 2009 pola que se convoca un curso sobre aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, en virtude do convenio de formación asinado entre a Academia Galega de Seguridade Pública e a Deputación Provincial da Coruña, anúnciase a convocatoria dun curso sobre aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias.

Tipo: curso.